

UN VOX ESENCIAL: CRITERIOS PARA A ELABORACIÓN DUN DICCIONARIO BILINGÜE GALEGO-CASTELÁN/ CASTELÁN-GALEGO

Camilo Fernández González

Universitat de Barcelona

0. PREÁMBULO

Antes de máis nada, noraboa ós organizadores e colegas do *Instituto da Lingua galega* por agasallárennos con este magno *Congreso internacional* dos galegófilos. Un auténtico fito dende xa no azaroso progreso histórico non só da filoloxía senón tamén da vida cultural dos galegos. Ponderando a ampla participación e vivacidade intelectual que concitan as xeiras de reflexión destes días, unha convicción firme me abrangue: por máis importante que semelle a andaina feita, en realidade é ben máis relevante a conciencia do camiño por andar. Pois malia a expectación xerada e os logros filolóxicos innegables destes vinte e cinco anos, o presente Congreso ha ficar como sinalizador dunha xeira precursora na marcha decidida do Galego cara a superación dos tres maiores desafíos que enfronta arestora: o consenso ortográfico, a planificación sociolingüística rigorosa e a plena integración como lingua nacional de Galicia nos foros internacionais.

Falo como filólogo independente, e polo tanto á marxe de polémicas e cuestións xurídicas absolutamente respectables ó coidado das institucións pertinentes: en termos de filosofía da linguaxe *os dereitos de autor dunha lingua non lle pertencen a ninguén senón ó pobo* (sen distingo de condición social) que a crea, a emprega e se espella no seu desenvolvemento¹. E unha sociedade con tradición de seu é dona do idioma propio cando se afirma nel, como enerxía creadora, dentro e fóra da súa terra nun proxecto histórico de vida en común. Na realidade e no misterio desa trindade (*etnos, geos, logos*

¹ Non subscribo ningún dos socorridos asertos seguintes: nin que o acervo lexicográfico sexa un patrimonio particular ou exclusivo duns poucos –os lexicógrafos profesionais e dicionaristas–, como os cotos vedados de caza; nin que se poida entrar a saco nos dicionarios, vocabularios e repertorios preexistentes, sen recoñecemento previo do esforzo que os singulariza como compendios intelectuais *de autor* (e logo da espoliación, *se sae neno, Antón e senón a purísima concepción*).

en unidade inextricable) sabemos que se cifra o destino comunitario dos que cremos no futuro da *Galicia galega* (non hai pleonasma) como cruxol dunha nación en permanente angueira de construción identitaria e de proxección universal.

A vida fai posible a lingua e a lingua torna realizable a cultura. E é así como a orixinalidade de Galicia, segundo nos aprenderon co exemplo os mestres da galegitude progresista, remanece esencialmente do idioma autóctono, máxima creación colectiva. Por conseguinte, o que pode e debe chegar a ser Galicia no tempo, o senso íntimo da súa universalidade, non o poderá acadar nunca plenamente se non é nas formas e contidos do idioma con que se expresan os valores e os intereses, as dores, ledicias e esperanzas do propio pobo, cerne da sociedade. Nación, país, lingua e cultura dos galegos que non parecen gozar hoxe de tanta vitalidade como son potencialmente capaces e como moitos de nós arelamos. A fe esperanzada, sen embargo, que este *Congreso internacional* testemuña na recuperación autóctona e no recoñecemento internacional da nosa identidade é a estrela que guía as miñas verbas nesta xuntanza.

A presente exposición, en canto síntese dun protocolo lexicográfico, cinguese ó labor de informar sobre os presupostos lexicolóxicos verbo da concepción, estrutura, contido e peculiaridades que orientan a elaboración do *Diccionario Vox esencial castelán-galego /galego-castelán*, actualmente en vías de conclusión². Logo dos prolegómenos, comezarei por facer referencia ós criterios de autoridade filolóxica e ós valiosos materiais de carácter lexical sobre os que fundamentámo-las nosas escollas e formalizacións. Unha vez expostas tales bases (a *macroestructura*), rematarei cunha breve sinopse dos principios ordenadores da *microestructura* que orientan a realización do noso diccionario.

Folga lembrar que a empresa intelectual de deseñar e elaborar unha obra destas características é asunto de complexa *enxeñería* non só lexicolóxica e lexicográfica senón dun equipo interdisciplinar, pois implica unha grande cantidade de saberes e técnicas (incluíndo as de deseño gráfico, nas que obviamente non imos entrar) que deben harmonizar na consecución dun obxectivo final altamente codificado en tódolos sentidos.

1. XENERALIDADES

1.1. Título xenérico do diccionario, natureza e obxectivos

O título da obra, *Diccionario Esencial Vox Castelán-Galego/Galego-Castelán* é a denominación xenérica que responde á vontade do editor –a coñecida casa *Vox-Biblograf* con

² Esta comunicación é parte preliminar dun relatorio tripartito –a saber, *criterioloxía, pragmática e crítica productiva de dicionarios galegos recentes*– que só como tal, en unidade complementaria das partes, coidamos se pode calibrar debidamente no seu contido e sentido. Véxanche as achegas complementarias presentadas polos outros membros do equipo de redacción nas páxinas destas Actas.

sede en Barcelona— de integra-lo idioma galego dentro do seu catálogo. Un catálogo no que, ata o momento, saíron publicados un *monolingüe* da lingua española e catro bilingües, a saber inglés-español, francés-español, italiano-español, alemán-español e castelá-catalá, estando arestora tamén en proxecto, simultáneo ó noso, a elaboración doutro *esencial* esquerda-castelán.

Baixo a dirección científica do comunicante, o equipo de redacción³ está formado por Rexina R. Vega, Ignacio Vázquez e a profesora Carme García Rodríguez, do *Departamento de Galego* da Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago, que se incorporou máis tarde como especialista para realiza-lo traballo de transcripción fonética do lemario. A coordinación editorial correu a cargo da lexicógrafa Sra. Pilar Fornells e do Sr. Acordagoicoechea, xefe da sección de dicionarios *Vox-Bibliograf*. Á espera de ser sometida a unha lectura xeral de calidade, a redacción da obra atópase actualmente (setembro 1996) na recta final⁴. O período total de execución terá sido practicamente dun ano.

Atente a este condicionante temporal, o noso dicionario artéllase como un proxecto modesto no seu propósito, estrutura e extensión, acorde cunha filosofía lexicolóxica condensada en catro claves: rigor filolóxico prescriptivo, claridade semántica, pragmatismo funcional e procura do sempre imperfecto *sincronismo pleno* (sen esquecermos que a lexicografía está lonxe de ser unha ciencia exacta). Xa que logo, a nosa obra defínese como un *vocabulario de equivalencias*, cun carné de identidade cinguido ós caracteres que a seguir se enumeran.

Primeiro: a) canto á fisionomía, acorde coa denominación de catálogo da casa editorial promotora, trátase dun dicionario *esencial*, tanto no atincente ó volume de entradas canto ó tipo de escollas e formalización das acepcións en cada un dos dous *corpus* idiomáticos. En razón deste *formato editorial* específico, e persuadidos da eficacia que se deriva da *escolma crítica* (en arranxo das prioridades prácticas do usuario-tipo que abaixo se retrata), deseñamos unha obra de *extensión media* que se limita a acopia-lo *corpus* léxico-semántico *substancial* do galego e do castelán suxeitos ambos ó *rexistro estándar actual* na súa dimensión sincrónica.

Obviamente, malia o valor científico dun dicionario ser independente do número de artigos que contén cómpre, con todo, xulga-las variables da súa funcionalidade de acordo co inventario de voces que atesoura. A este respecto, na dimensión cuantitativa,

³ Rexina R. Vega, Ignacio Vázquez e máis eu traballamos co idioma e sobre o idioma galego na *diáspora*, no ámbito da Galicia extraterritorial. É dicir, somos alófonos galegos nun entorno lingüístico no que a fala viva (o catalán) e a vida cotiá nin favorecen nin estorban o noso traballo, aínda que si o limitan porque a documentación directa e a información bibliográfica ó noso achego decote son escasas. Con todo, a nosa presenza neste Congreso, como delegación das Facultades de Filoloxía onde traballamos a prol de Galicia e do galego (na *Universitat de Barcelona* e na *Universitat Autònoma de Barcelona*) resposta á vontade de corroborarmos, dende a Galicia catalana, o interese crecente que a nosa filoloxía espertou no último decenio entre os estudantes universitarios (e non só) de Catalunya.

⁴ A primeira edición da obra saíu do prelo en 1997 e a segunda edición en xuño do 2000.

cada repertorio da nosa obra consta de entre 18.000/20.000 palabras, nun total aproximado de 40.000 entradas, e cun volume achegado ás 44.000 traducións, recollendo as principais acepcións de cada voz, en cada unha das linguas.

b) Na orientación conceptual e pragmática, prescínlese nel expresamente das dimensións *nocional*, *ideolóxica*, *enciclopédica* e *cultural*, así como tamén da inclusión de *variantes* diatópicas, diacrónicas e diastráticas das voces estándares. Por conseguinte, non fan parte da obra de maneira orgánica nin sistemática (salvo as voces máis socorridas no uso) nin listas de terminoloxía, nin vocabulario dialectal, nin inventario de estranxeirismos, nin repertorio de barbarismos. Tal *fórceps* coidamos que, máis que prexudica-lo resultado, redunda en beneficio dun compendio no que se prima, xunto coa correspondencia conceptual precisa e o axuste semántico, a presenza das voces da *lingua xeral*, *común* e *propia* (dando preeminencia expresa –no *corpus* galego– ó fondo léxico *patrimonial* do idioma).

c) *Esencial*, asemade, na perspectiva sociolóxica, porque tenta responder ás *necesidades esenciais* do cidadán corrente que se interesa polo que se fala agora, todo o que se refire á fala *viva* e á cultura *viva* (a lingua e o léxico dos xornais e dos medios de comunicación audiovisuais, radio e televisión, por exemplo), incorporando a riqueza lingüística dos articulistas e escritores que se expresan a través deses medios, a resultados do que a base *sincrónica* e a *frecuencia de uso* das palabras son os criterios operativos sobre os que se seleccionou o lemario.

d) Finalmente, no tocante ó deseño estilístico e gráfico optouse por procurar un equilibrio axeitado entre a necesaria concisión expresiva (atendendo á dimensión *didáctica*, pois moitas das traducións van acompañadas de información crítica de tipo gramatical no apartado de *observacións* e un bo número de exemplos, modismos, locucións e frases feitas), e as esixencias científicas de solvencia e claridade normativas que a sociedade actual demanda dunha obra desta xinea. Todo iso consonte, ademais, cunha maquetación que procura a facilidade e axilidade de manexo no coñecemento contrastivo das dúas linguas.

Segundo: trátase dun dicionario *bilingüe*, isto é, consta de dous *corpus* de vocabulario paralelos e coimplicados (o castelán-galego e o galego-castelán), de aí que o método lexicográfico que adoptamos sexa o *paralelístico*. Como a retórica ensina, paralelizar é unha das máis complexas artes da expresión. Non podía ser menos na formalización lexicográfica. O labor de establecemento das homoloxías, de fixación das equivalencias e de precisión nas correspondencias é dunha enorme complexidade, nunca exento dun insalvable risco de subxectivismo epistemolóxico.

Item máis cando se aborda, como neste caso, o contraste entre dous sistemas lingüísticos que coexisten no espacio de Galicia dende hai máis de sete séculos en condicións de funcionalidade desequilibrada. Sistemas que ademais de partillaren trazos estruturais afíns como linguas romances emparentadas, estiveron e están suxeitos a unha evolución diacrónica non espontánea e libre, senón mediatizada por múltiples fe-

nómenos de interferencia mutua, froito dunha coexistencia política e sociolóxica altamente problemática.

Comprender e usar con rigor semántico e pragmático as voces do Galego *dende fóra* (dende o Español), en correlato a aprende-lo emprego pertinente do léxico deste *dende o Galego*, é o desafío intelectual (e polo tanto, o instrumental léxico repertoriado) que se lle propón ós usuarios da obra. Galego e Castelán fronte a fronte, ambas como linguas estranxeiras e ambas como linguas primeiras, *paralelizadas* e coimplicadas. Para os galegofalantes poderen perfecciona-lo uso do seu castelán dende dentro do galego e os casteláns melloraren o seu galego dende fóra del.

Terceiro: a obra está concibida ó modo de *nomenclátor normativo* (no que se combina o carácter *onomasiolóxico* co *semasiolóxico*) e non de diccionario nocional nin ideolóxico. Isto é, non se inclúen nela as *definicións* das voces entradas, senón directamente as *traduccións* dunha ou varias acepcións dentro de cada palabra, atendendo ó pleno funcionamento da equivalencia en tódolos contextos.

O tratamento, senón exhaustivo si preciso, dado ás *traduccións* é a nódoa metodolóxica que informa a obra. Trátase pois dun intento de sistematización do leuario usual básico das dúas e cada unha das linguas no que se prima a selección das *correspondencias interidiomáticas* máis usuais: a cada palabra castelá corresponde como mínimo unha palabra galega (e viceversa), ata onde isto é congruente e posible; atendendo a concerta-las homoloxías semánticas, rexistros e usos lingüísticos coa máxima precisión funcional. Así, na maior parte das voces (agás os cultismos) non nos limitamos a ofrecer unha traducción única de cada entrada senón que agregámo-las equivalencias, respectando os diferentes sentidos e, así mesmo, a traducción directa/inversa de moitas locucións e frases feitas. Cando a correspondencia das formas galegas e castelás resulta ambigua ou problemática ofrécese un exemplo de uso ou locución sinonímica aclaratoria.

No noso caso, ó tomarmos como buxola o modelo *onomasiolóxico* das traduccións sobre o *semasiolóxico* das definicións apuntamos ó alvo de facultar a cada usuario a ser quen, en cada momento, de ir buscar *cómo se designa a cousa que sabe que é* pero que *non sabe cómo se denomina* en cada unha das linguas coimplicadas.

Ademais de librarlos, a maiores, do perigo de incorrer en polémicas “ontolóxicas” como as suscitadas polo *Diccionario básico da lingua galega* (o chamado *Diccionario infantil*) no que, por exemplo, se define *muller* como “femia do home” e *home* como “animal que pensa e fala”, ó que se agrega en segunda acepción “macho do home cando é grande”, tal rumbo obedece a un dobre convencemento: dun lado, ó feito de coidarmos que tentar de satisfacer, con rigor filolóxico e lexicomático, tal mester nunha obra de formato reducido sería intelectualmente máis coherente que producir un híbrido de diccionario nocional cun vocabulario de sinónimos.

E doutro, á nosa vontade de aportar un instrumento arrequecedor e útil, socialmente productivo, na actual xeira *refundadora* do Galego, tanto para os galegofalantes como para os alófonos casteláns de dentro e fóra de Galicia –os cales, felizmente, dende a

década dos oitenta, posúen xa ó achego diversas obras lexicográficas monolingües e bilingües que esclarecen *as definicións e os sinónimos intraindiomáticos*, mais ningunha actualizada e científica destoutra natureza, na que prime o método baseado no acopio de voces con equivalencia semántica contrastiva directa e inversa. Un *nomenclátor onomasiolóxico*, en fin, construído sobre un dobre *corpus* de equivalencias interidiomáticas, co formato editorial e o deseño lexicográfico dun *prontuario de correspondencias de uso* entre o galego común, estándar, sincrónico e vivo e o español oficial. A este teor, alén de achegar un vocabulario práctico optimizado normativamente, o móbil céntrase en axudar a acadar unha maior e mellor divulgación *normalizadora* (isto é, rehabilitadora e correctiva) do léxico autóctono entre os cidadáns non só de Galicia senón da España e dos países formantes dos seus respectivos diasistemas lingüísticos (a Península e latinoamérica), nos que a editora distribúe a obra.

Cuarto: na fixación do lemario da obra primouse o fondo léxico popular e culto, é dicir o *vocabulario vivo* na época contemporánea, na cuádruple dimensión de uso: ortográfico, ortofónico, ortogramatical e polisémico. Respectando sempre o nivel das equivalencias léxicas interidiomáticas galego-castelán/ castelán-galego. E todo iso xunto e complementado (aínda que xa non de forma tan sistemática) con indicadores de rexistro, exemplos de uso, fraseoloxía popular, recomendas prescritivas e observacións críticas e gramaticais.

Malia sabermos que o lector cultivado endófono, familiarizado coa lingua literaria galega (e mesmo española) é capaz de usar, ocasionalmente, un léxico máis variado do que nós repertoriamos, á mantenta subordinamos na nosa escolla o riquísimo patrimonio vocabular que fai parte da produción histórica do ciclo medieval, e minorizámo-la inclusión do léxico dos escritores dende o Xurdimento dezanovista ó Rexurdimento novecentista. Non nos pareceu pertinente mesturalo e metelo todo no mesmo saco, a contrapelo, pois, da socorrida tendencia a incorporar voces de dispar procedencia só polo prurito de facer vulto.

Adherimos, en troques, ó *suposto implícito* de que para identificar e arranxar dúbidas en vocábulos de natureza histórico-literaria, o lector e o estudante deberanse auxiliar doutros instrumentos máis completos, xa en circulación. Criterio en aparencia simplista que, sen embargo, non ha de estrañar a ninguén que saiba que para ler, poño por caso, a Otero Pedrayo serve de pouca axuda, digamos, o *diccionario Xerais* (e aínda lle fica curto un todoterreo como o *enciclopédico* de don Eladio Rodríguez); e pola contra, para ler a Alfredo Conde ou a Carlos Casares sobexa co acervo contido, por exemplo, no primeiro *Diccionario básico da lingua galega* publicado polo ILG (Xerais, 1980).

Quinto: a obra fornece como absoluta novidade un *inventario ortofónico*. Velá a achega de nova planta respecto a tódolos dicionarios galegos monolingües e bilingües preexistentes: a *transcripción fonética* figura á par de tódolos lemas repertoriados nas dúas linguas. Sinaladamente, na perspectiva do *corpus* galego trátase dunha primeira alancada no camiño, longo e complexo, de dotar ós usuarios da fala galega –sobre todo

estudiantes– dun *modelo de pronuncia*. No noso caso, conscientes do erro en que se atopa este terreo, limitámonos a propoñer as realizacións que coidamos máis amplamente sancionadas –tamén– polo uso oral supradialectal (apuntando aínda, naquel fato de voces en que a metafonía actúa de maneira ampla e diversificada, a dúplice realización tímbrica das vocais tónicas).

1.2. Perfil do usuario-tipo da obra e o bilingüismo diglósico

Segundo se deriva do devandito, o noso vocabulario diríxese ó usuario *endófono*, primordialmente, aínda que sen excluírmo-lo neófono nin o alófono, con competencia pasiva e activa nas dúas linguas codificadas. Velaquí o destinatario ideal da obra: o cidadán “bilingüe” (ou sexa, que ten o español ou o galego como primeira lingua, mais con competencia básica nas dúas) ou que quere selo. Outramente, estimamos que a información codificada resultarlle de proveito tamén ós potenciais usuarios alófonos/neófonos (estudiantes estranxeiros, turistas, comerciantes, etc.) ben en galego, ben en español ou en ambos idiomas. Secasí, o horizonte intelectual do noso deseño lexicográfico réxese pola vontade de facultar a un populoso conxunto de usuarios (non só “galegos”) a que leven eficazmente a cabo as funcións de codificación/decodificación das dúas linguas hispánicas, dependendo da súa formación, necesidades e contexto.

En efecto, aínda que en termos concretos o usuario-tipo se supón que ha de ter máis de 14 anos (a idade teórica na que, arestora, se principian os estudos da ESO), vivir inmerso nun entorno preferentemente urbano, posuír estudos medios e coñecer unha ou máis linguas estranxeiras, en realidade o noso *Vox esencial* tenta facilitarlle a comunicación, estimulando a competencia activa na creación de discursos orais ou textos sinxelos, a todo aquel que, dende o galego, desexe expresarse en castelán como lingua segunda; así como, á inversa, prover tamén dun instrumento rigoroso a aqueles que, dende dentro do castelán, queiran ler e comprender textos de dificultade media en lingua galega.

Outramente, da obra debería tirar proveito especial e suplementario o cidadán inmerso no espazo sociolingüístico de Galicia, atrapado nun grao ou outro na sutil arañeira do bilingüismo con *diglosia*. Isto é, o cidadán suxeito e obxecto de tódalas lacras, prexuízos, eivas, interferencias, equívocos, etc., derivados da fenomenoloxía operante nun marco vivencial e comunicativo fortemente mediatizado a tódolos niveis pola coexistencia desequilibrada dos dous sistemas lingüísticos (o español como *lingua A* e o galego como *lingua B*), cooficiais en Galicia só dende 1980.

Xa que logo, a orientación metodolóxica da obra preferencia unha codificación prescritiva eminentemente *pragmática* (de uso) e *sintética* (prontuario onomasiolóxico) dos *corpus*, con mentes de que os usuarios potenciais teñan sempre ó achego, nos distintos ámbitos de vida (na casa, na clase, na oficina ou de viaxe) un diccionario de consulta rápida, con información léxica ampla, precisa e clara, formalizado con técnica científica moderna, con criterios normativos actualizados e realizado cun deseño editorial práctico, atractivo e doadamente manexable.

1.3. Prestixiosa xinea erudita

No contexto histórico da lexicografía galega moderna, o noso *Esencial Vox* (en canto obra de carácter bilingüe, a medio camiño entre *diccionario normativo e vocabulario de uso*) inscribese nunha ilustre e procelosa tradición de obras aparecidas en Galicia a partir de 1863. Nesta data, como se sabe, Antonio de la Iglesia deu ó prelo na Coruña o *Diccionario Gallego-Castellano*, obra póstuma do presbítero e bibliotecario da Universidade literaria de Santiago, Francisco X. Rodríguez, poñendo en marcha así a historia da dicionarística galega. Este primeiro diccionario galego, de natureza *bilingüe* en sentido directo, que incluía xa, á par dalgunhas definicións, numerosas equivalencias en francés, portugués e catalán, foi o que serviu de pasto a tódolos dictionarios elaborados con posterioridade os cales, a través do recurso da papeletización retroactiva, se fagocitaron uns ós outros máis ou menos tacitamente.

Constatación empírica, que dá idea elocuente do grande ascendente que a orientación contrastiva galego/castelán acadou entre os cultivadores da lexicografía galega ata hoxe: no exhaustivo *Repertorio bibliográfico da lingüística galega*⁵ para o período comprendido entre 1863 e 1993, sumando dictionarios, vocabularios e glosarios *bilingües* (galego-castelán e castelán-galego), reséñanse ata 34 obras deste teor. En contraste, verbo de dictionarios e vocabularios *monolingües*, para o mesmo período contabilízase un total de 12 obras.

Por iso, permítanme aludir aquí –só como lembranza de respecto– ós precedentes máis notorios do noso proxecto aparecidos no século XX, aínda que a notoriedade que os nimba sexa atribuíble máis ben a causas extrafilolóxicas. Obviamente, razóns de contexto histórico así como de desigual deseño lexicolóxico das obras e de competencia técnica dos autores, desaconsellan trazar calquera parentesco coa nosa que non sexa referido a cuestións puramente *externas* (como o formato reducido ou a orientación básica de *nomenclátor*). Para mostra, abonde un dato: ata a renovación do paradigma metodolóxico nos anos oitenta do século XX co despegue da lexicografía científica galega, a práctica totalidade dos vocabularios bilingües aparecían eivados das *voces homógrafas* do galego e o castelán (o que equivale a abolir dun golpe tódolos cultismos do idioma). En troques, nos *corpus* respectivos do noso *Vox Esencial* a presenza de cultismos homógrafos nas dúas linguas estimamos que acada unha porcentaxe achegada ás dúas sextas partes do total do lemario.

Xusto é recoñecermos emporiso que a ditas obras e autores (malia seren inspirados máis polo voluntarismo cultural e o pulo patriótico ca pola ciencia filolóxica, daquela aínda en barbeito en Galicia), perténcelle-lo lauro de achaiaren o pedrallento camiño para os que viñemos atrás deles⁶.

⁵ F. García Gondar (dir.), Centro de investigacións lingüísticas e literarias Ramón Piñeiro, Santiago de Compostela, 1995, pp. 246-252.

⁶ Dos contributos aparecidos na fase de preguerra, no sentido directo galego-castelán salientan, xunto cos primeiros fascículos (1913-1928) do *Diccionario frustrado* da Real Academia Galega, o *Vocabulario popular*

1.4. Sobre a formalización informática da obra

Por último, no tocante á informatización da obra, seguimos, de acordo co editor, a modalidade do *sistema MS2 de WP*, un procedemento sinxelo á vez que rápido e eficaz pois permite a inversión automática dos lemas e traducións de cada un dos *corpus* complicados, así como verificar outras funcións de interese no manexo da información na fase previa e de produción editorial.

2. MACROESTRUCTURA XERAL.

CRITERIOS FILOLÓXICOS E FORMALIZACIÓN DA INFORMACIÓN

2.1. Apartados estruturais

O *Diccionario Vox esencial Castelán-Galego/Galego-Castelán* ábrese cos seguintes apartados preliminares: páxina de créditos editoriais da obra, táboa xeral de contidos e limiar (todos tres, obviamente, en versión bilingüe galego-castelán).

Conforme é habitual no catálogo editorial *Vox-Bibliograf* dentro do modelo e formato do *diccionario esencial*, na parte introdutoria a cada corpo lexicográfico da obra inclúense os seguintes instrumentos:

1. *Guieiro para consulta-lo diccionario*, deseñado a modo de código gráfico de funcionamento, con exemplificacións, acompañado (en recadro, nunha garda) das *observacións de uso* (signos convencionais, co resalte das especificidades) sinteticamente formalizados.

2. *Relación de siglas e abreviaturas usadas no Diccionario*.

3. *Sistematización dos signos A.F.I.* usados na transcripción fonética.

4. *Prontuario de gramática esencial galega, e española*. A primeira consiste nunha sinopse da *Gramática galega de uso* da miña autoría⁷, redactada a modo de cadros e esquemas sinópticos. Aténdese nela ós catro apartados seguintes: fonoloxía e fonética, morfosintaxe xeral, morfoloxía verbal e notas sobre o vocabulario *dialéxico* do Galego e do Castelán (*castelanismos versus galeguismos*).

galego-castelán (1926), da autoría colexiada dos intelectuais vencellados ó *Seminario de Estudios Galegos* (Filgueira Valverde, Tobío Fernández, Magariños Negreira e Cordal Carús), editado en Vigo por *El Pueblo Gallego*; e no sentido inverso o *Vocabulario Castellano-Gallego de las Irmandades da Fala* (1933), da autoría de Salvador Mosteiro (segundo asevera o profesor Carvalho Calero) dado ó prelo na Coruña. Completan a relación as obras de Leandro Carré Alvarellos, aparecidas tamén na Coruña: o *Vocabulario castelán-galego* (1922-1923) e o *Diccionario galego castelán* (1928/1933).

Xa na posguerra, a parte das diversas achegas parciais (sobre as que espígan as de Anibal Otero) e alén do magno *Diccionario enciclopédico* (1958-1961), de Eladio Rodríguez, sobrancean o *Diccionario* (1968) de X. L. Franco Grande (cun apéndice vocabular castelán-galego) e os *vocabularios* do padre J. S. Crespo Pozo (1963, 1972) e F. Fernández del Riego (1979, 1982) entre outros. Agás excepcións ilustres, trátase de obras redactadas por afeccionados, polo que o resultado é de técnica deficiente (asistemáticos), de moi precaria solvencia filolóxica (os vulgarismos inzan por allures) e moi arbitrario nos criterios de escolla de voces.

⁷ C. Fernández González, *Enciclopedia Básica Escolar de Galicia*, Vox-Bibliograf, Barcelona, 1994 (2 vols.), pp. 12 e ss.

A gramática complementábase a) dunha *Táboa de prefixos e terminacións* que permite comprender facilmente a forma e o significado de voces derivativas que non se consiguan nos leuarios respectivos, así como fornecer procedementos de derivación, a fin de estimularla coimplicación do usuario no idioma, neste caso, galego; b) dunha *Táboa de paradigmas gramaticais dos verbos*, singularmente, modelos regulares e irregulares (defectivos e impersoais). Esta táboa aparece referenciada cun número por cadanseu modelo de conxugación que, á súa vez, consta no corpo da obra acompañando a cada verbo.

5. *Apéndices* de información complementaria, na parte anexa a cada corpo lexicográfico da obra; inclúense os inventarios seguintes:

- Alfabeto*
- Topónimos máis usuais de Galicia, de España e do mundo*
- Xentilicios máis frecuentes*
- Onomástica persoal específica (masculina e feminina)*
- Estranxeirismos adaptados e integrados.*

Para optimizalo deseño visual do dicionario, estase a valorar por parte do editor a incorporación dunha serie de láminas lexicográficas que ilustren algunhas familias de palabras entradas (as máis novidosas e/ou frecuentes no uso común do galego urbano), conforme ó modelo de “palabras e cousas” (*wörter und sachen*).

2.2. Criterios de autoridade filolóxica (ortográficos e morfolóxicos)

2.2.1. Para o corpus de lingua galega

Os criterios da autoridade no relativo á formalización derivan das *Normas Ortográficas e Morfolóxicas do idioma galego* (1982), elaboradas pola Real Academia Galega e o Instituto da lingua Galega, elevadas a oficiais en 1983 polo Goberno da Xunta de Galicia, ampliadas e matizadas cos encanos e revisións posteriores, aprobadas en 1995.

2.2.2. Para o corpus de lingua española

Seguíronse os criterios de autoridade da *Real Academia de la Lengua Española*, vixentes e actualizados nos protocolos e na produción lexicográfica da casa editorial *Vox-Biblograf*.

2.3. Obras de fundamentación lexicográfica e documental

2.3.1. Para o corpus de lingua galega

A selección do leuario baseouse na escolla das entradas que figuran esencialmente nos dous dicionarios *monolingües* seguintes, que estimamos de recoñecida autoridade no esencial:

- Diccionario Xerais da Lingua* (coordinado por X. Lastra Muruais e dirixido por A. Santamarina), Ed. Xerais de Galicia, Vigo, 1986 (1ª edición).

Desta obra, considerada ata a data o *corpus* monolingüe galego máis amplo e cientificamente autorizado, manexámo-la 4ª ed. revisada e ampliada, publicada en 1993.

–*Diccionario da lingua galega* (dir. S. Sánchez Cerezo e C. Vázquez Rodríguez), Ed. Obradoiro-Santillana, Madrid, 1995 (1ª edición). Confrontámolo a miúdo como *corpus* monolingüe afin (en virtude do seu formato lexicográfico, dunha contía de voces análoga á do noso *corpus* galego, isto é, máis ou menos 20.000 voces) e pola novidade da súa aparición editorial, que cadrou co inicio do período de elaboración do noso proxecto (outono de 1995).

Complementámolas escollas dos lemas e do inventario lexical do *corpus* galego esencial coa consulta doutros dicionarios *bilingües* de recente aparición, ampla difusión, e rigor filolóxico contrastado, como son:

–*Diccionario normativo galego-castelán* (coordinado por H. Monteagudo y G. García Cancela), Ed. Galaxia, 1988 (1ª ed.)

–*Diccionario Xerais Castelán-Galego de usos, frases y sinónimos* (coordinado por Gonzalo Navaza Blanco), Ed. Xerais, 1990 (1ª edición).

Cómpre esclarecer, de remate, que para que non nos saíse, como protestaba o mestre Martín Sarmiento, *un queso de veinte leches* (e non todas de probada orixe) desbotámolo manexo de tódolos anteriores e decidimos peneirar, ser cautos e axusta-la nosa selección, primordialmente, a este grupo de obras de probada cualificación científica.

2.4. Fontes lexicográficas suplementarias de referencia e consulta

2.4.1. Para a lingua galega

Durante todo o proceso de realización da obra, aguilloóuno-lo desacougo inherente á impresión de que os dicionaristas galegos andamos a comeza-la *casa polo tellado*. Qué dúbida cabe: resulta prematuro fixar un vocabulario plenamente orgánico e normativo namentres se careza da edición do *Gran Tesaurus* (no cal se documente o auténtico acervo da lingua do pasado enxertado no presente co rigor e a eficacia esixibles para a súa perpetuación cara o futuro). Fusión plena da diacronía na sincronía, do sistema no diasistema, só esa nos parece que debe se-la pedra de alicerce, só esas as raiceiras da árbore lexicográfica, as savias nutricias que vivifiquen as pólas –que non outra cousa son os dicionarios abreviados, de uso, vocabularios especializados, etc., ou os *nomenclátors* do feitío do noso.

Con todo, á espera que se consigan última-los proxectos en marcha sobre o *Diccionario histórico-etimolóxico*, o *Diccionario xeral da lingua galega* e o *Vocabulario ortográfico*, previo á aparición dese *Gran Tesouro* por todos arelado, é obvio que os filólogos debemos atender á necesidade social de crear vocabularios e dicionarios, elaborados con criterios coherentes e unha base documental o máis seria e rica posible, sen esquecermo-la interacción neles das tres fontes esenciais: a fala viva, a lingua antiga e moderna e o léxico literario.

Satisfacer esa necesidade cultural, cívica, e mesmo política, é unha actitude meritória, malia que nunca poida furtarse á polémica. Ora ben, mentres avanzamos na consolidación da conciencia refundadora, menos ca ninguén debe o lexicógrafo ser *dogmático*: a súa misión ha de cingirse a *propoñer*, a rescatar e quizais a recomendar.

Arestora, cando xa comezan a prolifera-los dicionarios publicados con criterios heteroxéneos e, en moitos casos, contrapostos (e non só no tocante á formalización gráfica das voces), a percepción que doadamente asalta a quen se mergulle na floresta da lexicografía galega é que, á par do traballo ben feito, o desnorte campa polos seus respectos mesmo en obras lanzadas ó mercado co *marchamo* de científicas (inzadas de erros, grallas, descoidos inxustificables, e escritas dende os supostos máis heteróclitos).

Obviamente, non é emposta axeitada para entrarmos en debate sobre a pertinencia duns ou doutros criterios, nin en detalle sobre os disparates e asneiras que inzan en certos “dicionarios” de aparición recente (algúns dos cales se adscribirían mellor a un subxénero da *chistoloxía* que a un campo da filoloxía). Folga sinalar que, neste particular, ningún dicionario, por rigoroso que se prometa, sae indemne dunha esculca en profundidade. Mais a ninguén se lle oculta que as diferencias entitativas entre uns e outros non só veñen provocadas por grallas tipográficas e negligencias de editores, ou pola incuria dos autores no manexo da información, senón sobre todo polos *axiomas ideolóxicos* de base con que cada autor ou grupo reviste a identidade histórica da lingua galega.

Pola nosa banda, obstinados en prioriza-lo celme do idioma *vivo* e as voces arraizadas na *lingua popular e culta dos galegos*, non fixemos traballo directo *de campo* senón que nos concentramos en rebuscar nas colectáneas lexicográficas publicadas nas últimas décadas (procedendo con igual celo na recusa do lusismo, do arcaísmo, do vulgarismo e na peneira do coloquialismo efémero) resoltos por igual a non remexer nas cinzas do pasado morto nin a lexitimar acriticamente todo o que bule no presente con aparencia de vida.

Daquela, entre pequenos vocabularios especializados, glosarios e monografías terminolóxicas éditas, as fontes de consulta das que nos valemos puntualmente nesta tarefa de pescuda no galego vivo (seleccionar entradas, distinguir acepcións, establece-las correspondencias léxicas, etc.) foron substancialmente as que, a seguir, reseño (con gratitude expresa a tódolos seus autores):

–AA. VV. *Vocabulario castelán-galego de Historia, Arte e Xeografía*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1994.

–Alonso Pimentel, S. *et alii*, *Vocabulario da música e espectáculos*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1988

–Boullón Agrelo, A. I. *et alii*, *Léxico da administración. Castelán-Galego*, Santiago de Compostela, Real Academia Galega/Instituto da Lingua Galega, 1991.

–Carballo Martínez, A. *et alii*, *Diccionario galego de Banca*, Santiago de Compostela, Dirección Xeral de Política Lingüística, Xunta de Galicia, 1993.

–Colectivo *A Corrente*, *Léxico básico das Ciencias Naturais Castelán-Galego*, Santiago de Compostela, Servicio de Normalización lingüística da Universidade de Santiago, 1994.

–Fandiño Martínez, X. M. *et alii*, *Diccionario galego de Xeografía*, Santiago de Compostela, Dirección Xeral de Política Lingüística, Xunta de Galicia, 1993.

- García González, C., *Glosario de voces galegas de hoxe*, Anexo 27 de *Verba*, Santiago de Compostela, 1985.
- Gómez Guinovart, J. e Lorenzo Suárez, A. M., *Vocabulario de informática (galego-inglés-castelán)*, Ed. Servicio de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago, Vigo, 1994.
- Novo Folgueira, P., *Vocabulario de deportes*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1988; ídem *et alii*, *Vocabulario galego da comunicación*, Santiago de Compostela, Edicións Lea, 1993.
- Núñez Singala, M., *Vocabulario do medio físico*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1988.
- Penoucos Castiñeiras, M. *et alii*, *Vocabulario comercial*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1988.
- Ríos Panisse, M^a del Carmen, *Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia*, Universidade de Santiago de Compostela, Anexos 7 e 19 de *Verba*, 1977/1983 (2 vols).
- Ruibal Cendón, I. *et alii*, *Vocabulario do medio agrícola*, Santiago de Compostela, Dirección xeral de Política lingüística, Xunta de Galicia, 1988.
- Sanjuán López, A. *et alii*, *Vocabulario das Ciencias Naturais*, Santiago de Compostela, Dirección Xeral de Política Lingüística, Xunta de Galicia, 1991.
- Santamarina, A. e González M. (coord.), *Léxicos: matemáticas, física e química*, Santiago de Compostela, Dirección Xeral de Política Lingüística, Xunta de Galicia, 1988.
- Vázquez López, M^a Xesús, *Vocabulario de espectáculos*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1988.

Así mesmo, outras obras auxiliares de consulta ortográfica, gramatical ou lexicográfica foron:

- Chacón Calvar, R. e Rodríguez Alonso, M., *Diccionario crítico de dúbidas e erros da lingua galega*, Sada, Ed. do Castro, 1992.
- Díaz Regueiro, M. *Os verbos galegos*, Dirección Xeral de Política Lingüística, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1992.
- Fernández Salgado, B. (dir. e coord.), *Diccionario de dúbidas da lingua galega*, Vigo, Ed. Galaxia, 1991.
- Ferro Ruibal, X. *et alii*, *Diccionario dos nomes galegos*, Vigo, Ed. Ir Indo, 1992.
- Nicolás Rodríguez, R. *Diccionario dos verbos galegos*, Vilaboa, Ed. do Cumio, 1993.

2.4.2. Para a lingua española

A fonte de referencia xeral do lemario castelán foi o *Corpus lexicográfico Vox-Bibliograf*, que pasa por ser unha das maiores bases de datos e de documentos lingüísticos do español moderno; conta actualmente con máis de dez millóns de palabras, procedentes de toda clase de textos (literarios, científicos, xornalísticos, publicitarios, etc.).

Como se pode colixir, dispoñermos só do lapso dun ano para a execución do proxecto e dun equipo mínimo de especialistas, tornou impensable acarrexar información de moitas fontes e procesar información que non estivese previamente inventariada. A este efecto, a fin de facilita-lo traballo de selección, formalización e procesado do *corpus léxico castelán* (no tocante á relación de entradas, transcricións fonéticas e fixación de etiquetas) acordouse co editor partir dos ficheiros da casa *Vox*, acoutando o noso leuario español ó que se compendia na obra intitulada *Diccionario Micro Vox de la Lengua Española* (Vox-Biblograf, Barcelona, 1995), preprocesada en soporte informático.

Neste ámbito, outras obras auxiliares de consulta ortográfica, gramatical e lexicográfica foron:

–*Diccionario Manual ilustrado de la Lengua española* (Vox), Barcelona, 1992 (14ª edición).

–Moliner, M., *Diccionario de uso del Español*, Madrid, Ed. Gredos, (reimpresión de 1983).

–Alvar, M. (dir.), *Diccionario ideológico de la lengua española* (Vox-Bibliograf), Barcelona, 1995 (1ª edición).

3. MICROESTRUCTURA: PRINCIPIOS DE COMPOSICIÓN

Abstraendo a faramalla das cuestións técnicas, formais e puntuais de ordenación que son inherentes ó deseño de todo protocolo lexicográfico (do tipo, por exemplo, que as palabras que comezan polas consoantes *ch* e *ll* se alfabetizan no interior das letras *c* e *l*, respectivamente) por non facer máis fatigoso este relatorio, salientarei a seguir só aqueles aspectos do plano base do noso *Vox Esencial* que coido revestidos dalgunha peculiaridade, ben de carácter lexicolóxico ben de índole productiva, respecto a outras obras de natureza semellante. Velái as principais:

3.1. De escolla de entradas

3.1.1. Exclusiones sistemáticas

–Atendendo as prescricións da RAG e do ILG, que os sancionan como desviacións da norma, non se inclúen *variantes* diatópicas, diastráticas e diafásicas *minoritarias*. Tampouco voces pertencentes a un rexistro excesivamente formal ou literario (por exemplo, cultismos de pouca frecuencia como *solípedo*). Por conseguinte, non se repertorian *portuguesismos* (por ex. *careco*), *medievalismos* fóra de uso (por ex. *eire*, *garvaia*; aínda que si se admiten *arcaísmos en uso* como *conquerir*), *tecnicismos* infrecuentes no rexistro cotiá (por ex. *tóner*), *palabras de xerga* moi restrinxida (por ex. *arxina*) nin *termos científicos* privativos da linguaxe especializada (por ex. *fotovoltaico*, *espectroscopio*). No tocante ós *rexionalismos*

(do tipo *cabaceiro* por hórreo), adxúntase como traducción (sen indicación expresa da procedencia espacial) no caso de estaren lexitimados pola extensión de uso ou polo prestixio derivado do seu emprego no nivel literario.

–Obviamente, excluimos tamén tódalas formas *hiperenxebres* (como as conceptúa Ramón Lorenzo) ou *alienizadas* (como as designa Wartburg), a maior parte das cales teñen procedencia literaria e foron implantadas de arriba para abaixo. Postergamos, tamén, as acepcións de voces como *esgrevio* (puro, só), *engado* (cebo) ou *antergo* (mellor en plural, antepasado) con uso semántico, de seu, moi restricto e case sempre en contextos de enunciación inadecuados (por ex.: *íntegro /enteiro* emparentado con *entrego*, que na época medieval equivalía a *enteiro*, *totalmente*, e na actualidade innovou no senso usual de *antigo*).

–Non se repertorían *sintagmas nominais en combinacións fixas e compostos* (por ex. *casa consistorial*) salvo cando a traducción levanta problemas de comprensión ó usuario (en tal caso salíentanse en *obs.*).

–Non se rexistran como entradas independentes *os derivados* absolutamente regulares, especialmente os aumentativos ou diminutivos dos nomes, formas de grao superlativo dos adxectivos ou dos adverbos en -mente (esta omisión deliberada pódese subsanar coa consulta, nos apéndices dos *corpus* respectivos, da *táboa de prefixos, sufixos e terminacións*).

–Prescindiuse das *remisións*, tendo especial coidado na non utilización de termos que non figuren á vez nos dous lexicarios (galego e castelán), a fin de evita-la perplexidade e confusión que as voces *non correlativas* provocan no usuario.

–No tocante á selección do léxico de acordo co ámbito de referencialidade funcional, tivemos que ser restrictivos apartando o gran da palla a fin de non sobrecarga-lo volume. Optamos así, fatalmente, por *minoriza-la presenza* do vocabulario alusivo ós labores tradicionais do *mundo rural* (ámbito no que o galego posúe, folga dicilo, unha extraordinaria riqueza); pola contra, preferenciamos-la presencia das voces asociadas ó *mundo urbano* e ás actividades cotiás do cidadán (instrumentos, máquinas, afeccións, deportes, medios de comunicación, etc.) nas que, a dicir verdade, o galego é moi deficitario en voces patrimoniais e mimético do español.

–Finalmente indicar que nos houbese gustado incorpora-la *base etimolóxica* de cada entrada; sen embargo unha vez supervisado con esta finalidade o *Diccionario Xerais*, concluímos que para moitas formas é fonte dubidosa e imponse certificar aínda o étimo proposto, polo que desistimos, á espera de que apareza o diccionario especializado.

3.1.2. Inclusiones especiais

En ámbolos *corpus* repertoriáse:

–*a fraseoloxía de uso máis frecuente*: malia seren as frases feitas un conxunto léxico-semántico non ben sistematizado aínda, nin totalmente convencionalizado nos usos a nivel culto, nos dicionarios monolingües e mesmo bilingües ga-

lego-castelán (excepción feita do xa citado *Diccionario Xerais Castelán-Galego de usos, frases e sinónimos*), tentamos que no noso *Vox Esencial*, ó remate de numerosas entradas (e logo da abreviatura FRAS.:) se inclúen abondosas combinacións ou sintagmas nominais fixos (do tipo *de vello, gaiteiro; nunca choveu que non escampara*).

No *corpus* galego repertórianse:

– unha pequena serie de *estranxeirismos* aínda non galeguizados nin ben estabilizados na ortografía, mais que fan parte da bagaxe léxica dalgunha especialidade ou ben son de uso, máis ou menos frecuente, na lingua común (ex. *colaxe* [*collage*], sinalizados cun asterisco).

– unha breve restrá de *argotismos* moi usados na xerga urbana pola mocidade e (aínda?) non rexistrados nos dicionarios maiores de uso (ex. *china* ou *farlopa*, marcados cun asterisco).

3.2. De tipoloxías léxicas: prelación de voces patrimoniais galegas

Convencidos de que urxe instrumentar medios de recuperación e promoción do léxico patrimonial –do galego *enxebre*–, a fin de que esas voces antigas se incorporen con normalidade ás novas situacións de fala da vida actual, optamos por xerarquizalas na entrada. Quérese dicir que, no tocante á ordenación formal das tipoloxías léxicas (voces patrimoniais, semicultismos, cultismos, préstamos lexítimos, algúns estranxeirismos e demais tipoloxías), se ben o criterio de escolla da traducción foi –como é prescrito– a *prelación da frecuencia de uso* constatable, nos casos en que a igualdade de frecuencia e a referencialidade semántica entre os termos cadran ou son moi achegadas, no *corpus* galego o popularismo precede á voz culta (ex. débil: *feble, débil*).

A aliñación que se aplica, pois, nas traduccións non resposta *sistematicamente* á orde alfabética convencional, senón que prioriza o acervo léxico popular preservando –por suposto– a súa correcta ligazón cos vocábulos eruditos e especializados funcionais nos distintos rexistros (comercial, xurídico, deportivo, etc.) da entrada. Así mesmo, cando existe *dobrete ou triplete léxico* óptase pola ordenación dos termos segundo o criterio histórico-tipolóxico (interno) e non alfabético-formal (externo).

3.3. De sinónimos e equivalencias interidiomáticas

Como xa subliñamos ó comezo, non foi propósito editorial nin noso elaborarmos un *diccionario de sinónimos*, senón un vocabulario onomasiolóxico de equivalencias léxico-semánticas entre os dous idiomas coimplicados. É por iso que, en cada entrada, procúrase da-la correspondencia vocabular estricte, rexeitando os termos sinonímicos a pouco que impliquen desprazamento semántico apreciable. Tal decisión comporta loxicamente que, á par que se alixeira a estrutura de numerosas entradas, se multiplique o número de lemas con valor de entradas independentes. O propósito deste proceder non foi outro que dar un tratamento rigoroso ás que denominamos *equivalencias interidiomáticas*, procurando o máximo axuste formal e sémico das voces coimplicadas (en base

á información que nos fornecen as obras lexicográficas fundamentais, de consulta e de referencia que deixamos sinaladas no anterior apartado).

3.4. De homografías interlingüísticas

Non se disteran homónimos. Seguindo a práctica corrente, as palabras homógrafas distínguese entre si polas súas acepcións, facendo parte da mesma entrada, precedidas dun número en negriña. En xeral, e salvo palabras de riqueza semántica excepcional, optamos por non repertoriar nunca máis de *tres* traducións por cada entrada. Folga enfatiza-la importancia que reviste o feito (xa comentado) de que o galego e o castelán, en canto linguas da mesma orixe románica, de ubicación espacial contigua e que, historicamente, viviron en íntimo contacto cultural e conflito sociolingüístico no territorio de Galicia, unha grande morea de voces (cultismos) presentan lexitimamente a mesma forma e significación nos dous idiomas, así como os abundantes préstamos de necesidade que o galego tomou do castelán (por ex. *bocadillo*). A este respecto, aínda tendo en conta o amplo número de cultismos homógrafos que existe entre o *corpus* galego e o castelán, explicitanse en cada inventario como voces lexítimas que son en ámbolos dous dominios románicos.

3.5. Da compactación de acepcións e traducións

Por mor da necesidade de condensación que impón unha obra de síntese lexicográfica como a nosa optamos por aplicar, sempre que posible, o criterio de compactación das distintas acepcións dunha palabra nunha mesma tradución. Este foi, se cadra, o principio epistémico máis suxestivo e á vez o que maiores dificultades nos acarrexou na práctica. Procurando non desatende-la precisión nas correspondencias interidiomáticas conforme ó rigor semántico e ó nivel de lingua (rexistros), a tradución compáctase nunha voz xenérica *só cando o termo funciona en tódolos contextos de uso das dúas linguas*.

Como ficou indicado, cada artigo pode ter unha soa tradución, xeralmente ten tres e só excepcionalmente máis de tres; a súa vez, un mesmo lema con varias acepcións pódese corresponder con outras tantas traducións na lingua de chegada. Neste caso, dentro de cada entrada, as acepcións traducidas, que se separan por números en negriña, consígnanse do modo que se describe na seguinte ficha-modelo.

3.6. Esquema da organización lexicográfica dunha entrada-tipo

Con mentes de que cada lema conteña a información ortográfica, ortofónica, gramatical, equivalencia sémica (non definición nocional) e pragmática de uso, en condicións suficientes para garantir unha competencia correcta da voz no contexto da lingua por parte do usuario-tipo (incluíndo ademais exemplos fráscicos sinxelos para cada acepción dunha mesma tradución), a información lexicográfica completa susceptible de constar en cada entrada observa a seguinte ordenación:

Lema [transcrición fonética] / cat gram / (indicador e/ou etiquetas varias: de rexistro, semánticas, etc.)/ núm. conx. (se é verbo)/ 1 tradución / 2 tradución/ 3 tradución/ fig./ 1 tradución / EXEM (exemplo(s) de uso) /FRAS.:/ OBS.:/

Coda: longa vida á lingua dos galegos

Pola miña banda, conclúo. Mais a fin de esclarecer, na perspectiva pragmática, as bases teóricas do protocolo do *Vox esencial galego-castelán/castelán-galego* que lles acabo de expoñer en xermolo, na comunicación a seguir Rexina R. Vega vai debullar un amplo e matizado elenco de exemplos puntuais sobre o devandito. Sinaladamente, encargárase de desenvolve-la casuística relativa ós indicadores (*marcas e etiquetas*) así como canto atinxe ós sintagmas nominais fixos, ás locucións (adverbiais, preposicionais e conxuntivas) e en xeral á fraseoloxía e ás observacións.

Cando nesta década de finais de século o Instituto da Lingua Galega celebra os seus primeiros vintecinco anos e o idioma popular galego (máis que milenario) cumpre oito vizosos séculos de vida como lingua literaria e de cultura europea nada daquel vizoso *galaico-portucalense* escrito polos trobadores, non convén esquecer que témo-lo privilexio de ser partícipes dunha das maiores *revolucións* da súa historia. Co convencemento de que Galicia, esa “célula de universalidade” e o idioma galego, a súa linfa vital, están fraguando un novo rexurdimento que se verá cumiado co esforzo xeneroso de moita xente traballando en moitas fronteiras nas moitas *galicias* espalladas polo mundo. Alicerces rexos, fitos entrañables que nos responsabilizan á vez que nos rememoran que así como non hai creación sen xeración, non hai normalización sen *rexeneración*.

Meu avó aprendeume que non pintan os acios sen cava, sen rega, sen enxerta, sen poda... polo que sei que cómpren moitos vendimadores, de mans dadas, para traballa-la viña antes de cata-lo mosto novo da lingua galega que está a ferver na sociedade do noso tempo. Un idioma que desexamos vital, popular, culto, interclasista, omnifuncional e plenipotenciario. Afectos a esta crenza, deseñamos, elaboramos e ofrecémo-lo noso dicionario á crítica e ó uso de todos.